



| | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|--|
| Área / Unidade OFICIALIA MAYOR OF0000 SMP | Documento 10118I01TT | |
| Código de verificación  3F01 0M4P 1U36 5J4P 06RT | Expediente 101/2024/20 | |
| | Fecha 24-05-2024 | |

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA VINTE E CATRO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

No Salón Vermello da Casa do Concello desta cidade, a vinte e catro de maio de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia da alcaldesa, D.^a Inés Rey García e coa asistencia dos tenentes e tenentas de alcaldesa D. José Manuel Lage Tuñas, D.^a Eudoxia María Neira Fernández, D. Gonzalo Henrique Castro Prado, así como dos concelleiros e concelleiras D.^a Nereida María Canosa Domínguez, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.^a Noemí Díaz Vázquez e D.^a Diana María Sobral Cabanas, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión extraordinaria e urxente en primeira convocatoria.

Asisten tamén D.^a María Esther Álvarez Martínez, oficial maior, desempeñando a función do Órgano de Apoio ao concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, así como D. Ángel David Murado Codesal, interventor xeral, D. Antonio Francisco Alfeirán Rodríguez, coordinador xeral da Área de Alcaldía, e D. Abelardo Blanco Serrano, director da Asesoría Xurídica, en funcións de colaboración e asistencia.

SESIÓN EXTRAORDINARIA Y URGENTE DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL DE FECHA VEINTICUATRO DE MAYO DE DOS MIL VEINTICUATRO

En el Salón Rojo de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a veinticuatro de mayo de dos mil veinticuatro, bajo la Presidencia de la alcaldesa, D.^a Inés Rey García y con la asistencia de los tenentes y tenientas de alcaldesa D. José Manuel Lage Tuñas, D.^a Eudoxia María Neira Fernández, D. Gonzalo Henrique Castro Prado, así como de los concejales y concejalas D.^a Nereida María Canosa Domínguez, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.^a Noemí Díaz Vázquez e D.^a Diana María Sobral Cabanas, se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primera convocatoria.

Asisten también D.^a María Esther Álvarez Martínez, oficial mayor, desempeñando la función del Órgano de Apoyo al concejal secretario de la Junta de Gobierno Local, así como D. Ángel David Murado Codesal, interventor general, D. Antonio Francisco Alfeirán Rodríguez, coordinador general del Área de Alcaldía, y D. Abelardo Blanco Serrano, director de la Asesoría Jurídica, en funciones de colaboración y asistencia.

Dá fe do acto o concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, D. José Manuel Lage Tuñas.

Asisten así mesmo os concelleiros, D. Miguel Lorenzo Torres (PP), D. Manuel José Vázquez Martínez (PSOE) e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).

Xustifica a súa ausencia o concelleiro D. Juan Ignacio Borrego Vázquez.

Ás once horas e trinta minutos, a Presidencia declara iniciada a sesión, e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

DECLARACIÓN DE URXENCIA

236.- Ratificación da urxencia da sesión

Por **unanimidade**, en votación ordinaria, logo da explicación e xustificación para o efecto, acórdase:

Ratificar pola Xunta de Goberno Local a urxencia da sesión de conformidade co disposto no artigo 106. a) do Regulamento orgánico municipal e nos artigos 112 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.

ÁREA DE FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE

Coordinación Xeral da Área de Fomento e Promoción da Cidade

Concellaría de Deportes

Dirección da Área de Deportes

Da fe del acto el concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local, D. José Manuel Lage Tuñas.

Asisten así mesmo los concejales, D. Miguel Lorenzo Torres (PP), D. Manuel José Vázquez Martínez (PSOE) e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).

Justifica su ausencia el concejal D. Juan Ignacio Borrego Vázquez.

A las once horas y treinta minutos, la Presidencia declara abierta la sesión, pasándose a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

DECLARACIÓN DE URGENCIA

236.- Ratificación de la urgencia de la sesión

Por **unanimidad**, en votación ordinaria, previa explicación y justificación al efecto, se acuerda:

Ratificar por la Junta de Gobierno Local la urgencia de la sesión de conformidad con lo dispuesto en el artículo 106. a) del Reglamento Orgánico Municipal y en los artículos 112 y 113 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de noviembre.

ÁREA DE FOMENTO Y PROMOCIÓN DE LA CIUDAD

Coordinación General del Área de Fomento y Promoción de la Ciudad

Concejalía de Deportes

Dirección del Área de Deportes



Servicio de Deportes

237.- Expte. 211/2024/543

Autorizar ao Real Club Deportivo da Coruña SAD para utilizar a denominación comercial “Estadio Abanca-Riazor” no Estadio Municipal de Riazor.

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

Autorizar ao Real Club Deportivo da Coruña SAD para utilizar a denominación comercial “Estadio Abanca-Riazor” no eido dos espectáculos futbolísticos que teñan lugar no Estadio Municipal de Riazor, organizados polo Club, ben directamente ou seguindo as organizacións da RFEF, FIFA, UEFA ou calquera outro organismo nacional ou internacional que actualmente ou no futuro poidan ter competencia na materia, teña participación ou non teña o Real Club Deportivo, estendéndose a dita autorización durante a vixencia do actual convenio.

238.- Expte. 211/2024/543

Autorizar a cesión do uso do Estadio Municipal de Riazor.

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no**

Servicio de Deportes

237.- Expte. 211/2024/543

Autorizar al Real Club Deportivo de A Coruña SAD para utilizar la denominación comercial “Estadio Abanca-Riazor” en el Estadio Municipal de Riazor.

Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente** y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo**, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:

Autorizar al Real Club Deportivo de A Coruña SAD para utilizar la denominación comercial “Estadio Abanca-Riazor” en el ámbito de los espectáculos futbolísticos que tengan lugar en el Estadio Municipal de Riazor, organizados por el Club, bien directamente o siguiendo las organizaciones de la RFEF, FIFA, UEFA o cualquier otro organismo nacional o internacional que actualmente o en el futuro puedan tener competencia en la materia, tenga participación o no tenga el Real Club Deportivo, extendiéndose dicha autorización durante la vigencia del actual convenio

238.- Expte. 211/2024/543

Autorizar la cesión de uso del Estadio Municipal de Riazor.

Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el**

expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a cesión do uso do Estadio Municipal de Riazor ao Real Club Deportivo de La Coruña SAD (A15023070), na modalidade de concesión demanial, por un período máximo de 25 anos.

Segundo.- Formalizar a concesión demanial do punto Primeiro, mediante a sinatura do Convenio entre o Concello da Coruña e o Real Club Deportivo de La Coruña polo que se regula a cesión do uso do Estadio Municipal de Riazor. O convenio consta no expediente 211/2024/543 con código seguro de verificación CSV: 246E 3W2Z 4C1S 0I0H 121I.

Ao non haber máis asuntos que tratar, e ás once horas e corenta minutos, a Presidencia remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Presidencia e o concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local; todo iso de acordo co disposto no artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

*expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo**, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:*

***Primero.-** Autorizar la cesión del uso del Estadio Municipal de Riazor al Real Club Deportivo de La Coruña SAD (A15023070), en la modalidad de concesión demanial, por un período máximo de 25 años.*

***Segundo.-** Formalizar la concesión demanial del punto Primero, mediante la firma del Convenio entre el Ayuntamiento de A Coruña y el Real Club Deportivo de La Coruña por el que se regula la cesión del uso del Estadio Municipal de Riazor. El convenio consta en el expediente 211/2024/543 con código seguro de verificación CSV: 246E 3W2Z 4C1S 0I0H 121I.*

No habiendo más asuntos que tratar, y siendo las once horas y cuarenta minutos, la Presidencia levanta la sesión, redactándose la presente acta que firman y autorizan la Presidencia y el concejal secretario de la Junta de Gobierno Local; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Na Coruña, na data da sinatura electrónica
O concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local
José Manuel Lage Tuñas
